



CONCELLO DE REDONDELA

ACTA DO CONSELLO PARROQUIAL DO VISO
XUNTANZA ORDINARIA 2 DE DECEMBRO DE 2011

ORDE DO DÍA

- 1.- Planificación das subvencións de Participación Cidadá para o ano 2012**
- 2.- Mellora da seguridade da contorna do colexio de Cesantes**
- 3.- Beirarrúas na Estrada Teixeira**
- 4.- Iluminación no barrio de Soutoxuste**
- 5.- Aparcadoiro na Sociedade de Agricultores**
- 6.- Varios**

No antigo Preescolar do Viso, sendo as vinte horas e trinta minutos, do día dous de decembro de dous mil once, previa convocatoria, reuníronse os/as seguintes integrantes:

- Leonardo Cabaleiro Couñago, representante do PS de G – PSOE
- Jesús Crespo López, representante do PP
- Anxo Lusquiños López, representante do BNG
- José Bernardo Crespo Abal, representante de AER
- Manuel Freire Collazo, representante das asociacións veciñais
- Ana Pazos Castellano, representante das asociacións veciñais
- Pilar Bouzas Novas, representante das asociacións veciñais
- Álvaro Cabaleiro Durán, representante das comunidades de montes
- Fernando Veiga Estévez, representante das comunidades de montes
- Xosé Covelo Míguez, representante das asociacións culturais
- Alberto Couñago Castellano, representante das comunidades de augas
- José Manuel Campelos Mariño, representante das comunidades de augas

Todos/as eles/as baixo a Presidencia, por delegación do Sr. Alcalde, de ERMINDA QUELLE FERNÁNDEZ, e asistidos/as de min, Elisa Vieites Piquenque, coa finalidade de celebrar a xuntanza do Consello Parroquial do Viso convocada para o día de hoxe.

Pola Presidencia, declarouse aberta a sesión, pasándose a tratar a Orde do Día.



CONCELLO DE REDONDELA

1.- Planificación das subvencións de Participación Cidadá para o ano 2012

Dase conta da proposta da Concelleira de Participación Cidadá de data 10 de novembro de 2011. Infórmase ás/aos membros que dentro do marco da crise económica que estamos a vivir o goberno municipal necesita reestruturar os orzamentos municipais, xa que a Concellería de Servizos Sociais está demandando un incremento dos seus gastos. Ante esta situación o goberno municipal necesita saber as necesidades básicas e urxentes da parroquia do Viso. Asemade desexa que os colectivos do Viso comuniquen cales son as actividades que desexan realizar para o ano 2012 e cales son os investimentos máis necesarios dos centros parroquiais para así, poder elaborar uns orzamentos reais e axustados ás demandas da propia parroquia.

Manuel Freire Collazo manifesta que o reparto dos recursos existentes sexa equitativo entre todas as parroquias.

Xosé Covelo Míguez di que á parroquia do Viso se lle da pouco e que se recorte tamén en gastos superfluos, como poden ser as luces do Nadal.

As/os membros do Consello Parroquial danse por enterados do contido deste punto.

2.- Mellora da seguridade da contorna do colexio de Cesantes

Intervén Jesús Crespo López e informa que se reuniu coa Deputación para tratar o arranxo da contorna do Colexio de Cesantes, xa que todos sabemos que é necesario regular os cruces e a velocidade dos vehículos. Este arranxo será levado a cabo pola Deputación, xa que se trata dunha ruta xacobeá. Consistirá na realización de cruces e a colocación dunha ponte elevada á altura do Jumboli que cruzará a estrada nacional. Tamén se contempla unha completa sinalización, a instalación de beirarrúas á man dereita da curva, a creación dun aparcadoiro e a colocación de pasos de peóns elevados, un onde está a parada do autobús e outro na saída do Pereiro. Informa que a Deputación xa veu para facer o informe e que en canto envíen algunha documentación, se presentará no Consello Parroquial.

Manuel Freire Collazo informa que debido ao risco existente Protección Civil ten que acudir como apoio, xa que o problema está no aparcadoiro, xa que o autobús debería entrar por un lado e saír por outro. En canto ao do paso elevado, considera que é un gasto innecesario, xa que a xente non o utiliza.



CONCELLO DE REDONDELA

Leonardo Cabaleiro Couñago propón que se cree unha vía para os peregrinos en Cesantes e que se fagan beirarrúas e pasos de peóns elevados no Viso para reducir a velocidade. Manifesta que de cara ao futuro o Plan Urbanístico debería recoller a zona de Cesantes como núcleo urbano e así habería a posibilidade de reducir a velocidade e instalar semáforos, xa que os pasos elevados non os utiliza ninguén.

Xosé Covelo Miñiguez propón comprar terreos para ampliar o aparcadoiro e así poder arranxalo.

Leonardo Cabaleiro Couñago informa que o anterior goberno intentou negociar para anexionar o terreo próximo e remodelar o aparcadoiro, e que así o camiño romano parasa por enriba do colexio.

O Consello Parroquial do Viso aproba por unanimidade das/os membros presentes que se reanuden as xestións para adquirir os terreos próximos ao aparcadoiro do Colexio de Cesantes para así poder arranxalo, establecendo unha vía de entrada e outra de saída.

3.- Beirarrúas na Estrada Teixeira

Manuel Freire Collazo propón que no cruce que vai ao campo de fútbol se faga unha rotonda. A proposta queda aprobada por unanimidade das/os membros presentes.

O Consello Parroquial do Viso aproba por unanimidade das/os membros presentes que se continúe a xestión coa Deputación de Pontevedra para que constrúan as beirarrúas na Estrada do Viso.

4.- Iluminación no barrio de Soutoxuste

Jesús Crespo López informa que xa se falou co Concelleiro de Vías e Obras e que ten prevista a instalación de iluminación dende o centro de Soutoxuste ata o Camiño de Santiago. En canto ao enlace entre Cesantes e Arcade estase a xestionar con Fomento, que é a administración responsable de executar eses traballos. Asemade tratarase de acondicionar a área de Soutoxuste como zona de descanso e estase tratando tamén a instalación de iluminación.



CONCELLO DE REDONDELA

Xosé Covelo Míguez pregunta a Jesús Crespo López se a instalación de puntos de luz dende Soutoxuste ata Lume Novo está previsto nos orzamentos do ano que ven. Jesús Crespo López resposta que si.

Pilar Bouzas Novas informa do perigo que existe nos túneles das vías pola baixada de Antón á capela e que se deberían poñer vallas.

Leonardo Cabaleiro Couñago di que se lle debería reclamar a ADIF.

O Consello Parroquial do Viso acorda por unanimidade das/os membros presentes que se traslade a ADIF a necesidade de repoñer a seguridade nestas zonas.

Pilar Bouzas Novas informa tamén dun problema co alcantarillado, xa que ao parecer FENOSA non apoia coa tensión necesaria as casas das zoas baixas para o bombeo.

O Consello Parroquial do Viso acorda por unanimidade que se traslade este problema á Concillería de Medio Ambiente para que se resolva o problema do bombeo das vivendas que están en zonas baixas.

5.- Aparcadoiro na Sociedade de Agricultores

Xosé Covelo Míguez propón que se debería xestionar para que nos terreos próximos á Sociedade de Agricultores se constrúa un aparcadoiro, xa que non hai ningunha zona de estacionamento e o centro ten moita actividade.

Leonardo Cabaleiro Couñago propón que cando se elabore o Plan Urbanístico se recolla un área de aparcadoiro próximo á sociedade e que a medio ou corto prazo o Concello negocie unha cesión por parte das/os propietarias/os dos terreos. A proposta queda aprobada por unanimidade das/os membros presentes.

6.- Varios

Leonardo Cabaleiro Couñago informa da existencia de fontes que non figuran no inventario municipal, polo que non está previsto o súa remodelación e limpeza e que hai moitas fontes que necesitan reparación.



CONCELLO DE REDONDELA

Fernando Veiga Estévez informa que as fontes que destruiu o AVE seguen secas.

José Bernardo Crespo Abal informa que na comisión de seguimento do AVE acordouse reclamar á empresa que realiza as obras pola seca das fontes.

O Consello Parroquial do Viso acorda por unanimidade das/os membros presentes reclamar a reposición dos desperfectos do AVE, a recuperación de fontes e mananciais, así como a recuperación do río Pexegueiro.

Álvaro Cabaleiro Durán informa da existencia dun camiño na baixada ao Cemiteiro (Camiño da Carreteira) duns dous centos metros aproximadamente no que non hai ningún punto de luz, e que só se necesitarían tres.

O Consello Parroquial do Viso acorda por unanimidade das/os seus membros presentes solicitar a instalación de tres puntos de luz na baixada ao Cemiteiro (Camiño da Carreteira).

Fernando Veiga Estévez propón que se solicite a instalación de quitamedos no Pitón da Canteira, na baixada á Gándara. A proposta queda aprobada por unanimidade das/os seus membros presentes.

Fernando Veiga Estévez propón que se solicite que se asfalte o camiño Lameiro e a Gándara onde está o Carballo. A proposta queda aprobada por unanimidade das/os seus membros presentes.

Leonardo Cabaleiro Couñago propón que se solicite a xestión da apertura do Camiño de Baldramón que conecta a Nogueira co Campo de Fútbol. A proposta queda aprobada por unanimidade das/os seus membros presentes.

Fernando Veiga Estévez solicita á presidenta que se facilite información sobre as actuacións que se van a realizar na Peneda no próximo Consello Parroquial que se celebre.

Anxo Lusquiños López solicita a colocación de paneis informativos en varios puntos da parroquia e sobre todo nas proximidades da sociedade.



CONCELLO DE REDONDELA

Jesús Crespo López informa que, según o clube de fútbol lle comunicou, existía unha subvención da Deputación para a rehabilitación do campo de fútbol, pero que o Concello non asinou o campromiso de gasto do 25% da inversión. Dende a Concellería de Deportes a primeira actuación será no Campo do Santa Mariña, debido ao grande número de clubes que se benefician das súas instalacións e a segunda que se ten previsto acometer será no Campo de Cesantes.

Álvaro Cabaleiro Durán manifesta que o Campo de Fútbol está en terreno da Comunidade de Montes e se se vai realizar algunha actuación se lle comunique á devandita comunidade, para que despois non existan sorpresas no sentido que os terreos poidan pasar a titularidade municipal por terse realizados obras.

Jesús Crespo López informa que se está xestionando a recuperación desa subvención coa Deputación.

Manuel Freire Collazo di que o que hoxe en día é Alcalde nas súas intervencións no Viso informou aos veciños que cando se fan obras importantes nun concello, se debe investir o 1% do gasto en recuperación do seu patrimonio. Propón que se xestione o investimento dese 1%, na parte que lle corresponda, na parroquia do Viso. A proposta queda aprobada por unanimidade das/os seus membros presentes.

Fernando Veiga Estévez inforam que O Viso forma parte da Rede Natura, pero que nunca recibíu cartos procedentes de subvencións desta Rede, polo que propón que se inste á Concellería de Medio Ambiente para que se contemplen actuacións da Rede Natura na parroquia do Viso. A proposta queda aprobada por unanimidade das/os seus membros presentes.

Álvaro Cabaleiro Durán di que a Comunidade de Montes ten terreos nos que se pode investir para realizar actuacións da Rede Natura.

Xosé Covelo Míguez solicita que no próximo Consello Parroquial se comuniquen as actuacións que se van a realizar nos parques infantís da parroquia do Viso.

Fernando Veiga Estévez di que sería necesaria a instalación dunha ducha na parte baixa da sociedade porque cando hai actuacións e festivais aos que veñen persoas de fora quedan a pasar a noite.



CONCELLO DE REDONDELA

Ante a necesidade de alugar carpas para a realización de actividades ao aire libre e debido a que asumir o custe do seu aluguer resulta excesivamente caro tanto para o Concello como para os diferentes colectivos que as necesiten, o Consello Parroquial do Viso por unanimidade das/os membros presentes propón ao Concello que as merque para podelas prestar ás parroquias que o necesiten.

E, non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levantouse a sesión, sendo as vinte e dúas horas e trinta minutos da data fixada no encabezamento, en proba de todo o que se estende a presente ACTA, da que, como Secretaria do Consello, DOU FE.